

**BASES I MARATÓN FOTOGRÁFICO DO CONCELLO DE CARBALLO  
1 DE DECEMBRO DE 2019**



Co ánimo de continuar co traballo de concienciación, sensibilización e participación social en prol da igualdade e na loita contra a Violencia de Xénero, a Concellería de Igualdade e Benestar a través do CIM organiza o **I Maratón fotográfico ENFÓCATE contra a Violencia de Xénero do concello de Carballo.**

A través da mirada das persoas participantes pretendemos promover unha concienciación sobre as desigualdades de xénero e a necesidade de que o conxunto da sociedade se implique para a visibilización dunha problemática social como é violencia de xénero.

**PARTICIPANTES:**

Poderán participar todas aquelas persoas interesadas sen límite de idade. Haberá 3 categorías:

1. Categoría infantil: ata os 13 anos.
2. Categoría xuvenil: Dende os 14 ata os 20 anos.
3. Categoría sénior: de 20 anos en diante.

As persoas que queiran participar deberán formalizar a súa inscrición na folla de solicitude oficial antes do día **25 de novembro as 12 horas.**

**INSCRICIÓN:**

A inscrición poderá formalizarse cubrindo a ficha de solicitude persoalmente nas oficinas do CIM (Centro de Información a muller) sita na rúa Médico Eduardo Mariño, s/n. Por medio do correo electrónico cubrindo a folla de inscrición que encontrará na páxina web [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal) e enviándoa ao correo electrónico [carballoennegro@gmail.com](mailto:carballoennegro@gmail.com). Para máis información chamar ao 981 70 06 88.

## CATEGORÍAS:

A participación será exclusivamente en categoría dixital, debendo entregar as fotografías realizadas en formato de arquivo JPEG, modo de cor RGB. Ea unha resolución suficiente para amplialas a 20\*30 como mínimo ou no seu defecto a máxima resolución das cámaras. A organización entregarálles as persoas participantes un CD onde inxerirán as fotografías a concurso realizadas o día da Maratón.

## NORMAS E DESENVOLVEMENTO DA MARATÓN:

- **SAÍDA:** Ás 10:30 horas do 1 de decembro darase saída a Maratón no Pazo da Cultura de Carballo. As persoas participantes deberán fotografar catro temas que serán facilitados pola organización na saída. Nese momento entregaráselles tamén a cada persoa participante o seu número de identificación e material que deberán poñer e empregar durante o transcurso da maratón.
- **TEMAS E CONTROIS:** As persoas participantes deberán realizar 4 fotografías, dúas por cada grupo temático. Os grupos temáticos son VIOLENCIA DE XÉNERO e a IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. Todas as fotografías deberán realizarse dentro dos límites do Concello de Carballo. As persoas participantes deberán pasar os controis nos lugares e horas indicadas pola organización. Quedarán descualificadas aquelas persoas que non pasen polo controis obrigados no tramo e horario definido.
- **ENTREGA DE FOTOGRAFÍAS AO FINAL DO MARATÓN:** As persoas participantes deberán entregar o CD facilitado pola organización, no lugar que a organización designe, entre as 19:00 e as 20.00 horas. As persoas participantes deberán entregar á organización o CD na que incluírán as catro fotografías que presenten a concurso. Se algunha persoa participante non pode facer a gravación do CD a organización disporá dun lugar habilitado para realizar a descarga das fotografías. As fotografías solo poderán presentarse no material proporcionado pola organización.

Sé algún/ha participante necesita de equipo informático para realizar a descarga de fotos no CD poderá facelo no lugar e horas que estarán especificadas nas follas de orientación que se entregarán as persoas no punto de saída da Maratón.

## PREMIOS:

Os premios para as persoas gañadoras serán:

Categoría Infantil: vale de 100€ a gastar en establecementos do concello de Carballo.

Categoría xuvenil: Vale de 100€ a gastar e establecementos do concello de Carballo.

Categoría adultos: Premio de 500€ en metálico.

Premio especial a un/unha veciño/a do concello de Carballo que será un vale de 100€ a gastar en establecementos do concello de Carballo.

Os premios concederáselle a mellor serie fotográfica.

## **XURADO:**

O xurado de cualificación, realizará a valoración e selección das series e fotografías presentadas. Estará composto por:

**PRESIDENTA:** A Concelleira de Igualdade e Benestar.

**VOCAIS:** Un mínimo de dúas persoas relacionadas co mundo da fotografía, imaxe, artes ou medios de comunicación e con coñecementos e sensibilización en igualdade de oportunidades.

**SECRETARIA:** Persoal técnico con voz pero sen voto.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN :**

O xurado avaliará as fotografías presentadas tendo en conta:

- A Coherencia coa temática proposta.
- Coherencia coa serie proposta.
- Orixinalidade da fotografía.
- Calidade técnica e artística.

## **NORMAS DO MARATÓN:**

Serán descualificadas aquelas persoas participantes que non acudan a cada un dos controis obrigatorios no tramo horario determinado en casa control. Así comas as persoas que incumpran algunha norma das bases da maratón.

Unha mesma persoa no pode ser o beneficiario/a de mais dun premio na mesma edición.

A organización non se fai responsable do deterioro ou extravío que puidesen sufrir os arquivos dixitais.

As obras presentadas na maratón quedarán en propiedade do Concello de Carballo. O/A autor/a conservará a autoría intelectual aínda que cederá en exclusiva e irrevogablemente os dereitos de reprodución das series fotográficas, e das fotografías para a súa exposición, publicación ou calquera outra modalidade que o concello considere oportuna.

Só poderán participar as persoas inscritas segundo as normas deste maratón e que se identifiquen con DNI ou documento oficial no control inicial.

Durante o transcurso do maratón existirá un Comité de control, formado por 3 persoas da organización, que estará facultado para resolver as controversias ou circunstancias especiais que puidesen xurdir, así como para interpretar as presentes bases. A súa decisión terá carácter definitivo.

A participación nesta maratón implica a plena aceptación das bases.

Para calquera dúbida ou aclaración:

- Teléfono: 981 70 06 88
- Dirección: CIM, R/ Médico Eduardo Mariño, s/n. Carballo.
- Horario: 8:30 a 13:00 h.
- Persoa de contacto:
- Correo electrónico: [carballoennegro@gmail.com](mailto:carballoennegro@gmail.com)

## I MARATÓN FOTOGRÁFICO CONCELLO DE CARBALLO

### ENFÓCATE CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

<b>DATOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES:</b>		<b>Nº INSCRICIÓN:</b>	
		(A cubrir pola organización)	
<b>APELIDOS:</b>		<b>NOME:</b>	
<b>ENDEREZO:</b>		<b>Nº</b>	<b>POBOACIÓN:</b>
			<b>C.P.:</b>
<b>DATA DE NACEMENTO:</b>	<b>TLF:</b>	<b>DNI:</b>	<b>E-MAIL:</b>
<b>OBSERVACIÓNS:</b>			

Eu, .....con DNI:..... cede ao Concello de Carballo os dereitos de reprodución e publicación das obras presentadas ó I Maratón fotográfico Enfócate do concello de Carballo.

Firma: